

A CIDADE DA CULTURA ACOLLE ESTA FIN DE SEMANA AS XORNADAS 'A LITERATURA GALEGA NAS AULAS'

2011-11-16

A Cidade da Cultura de Galicia acollerá o venres 18 e o sábado 19 de novembro as xornadas de Literatura e Ensino "A literatura galega nas aulas: os camiños do entusiasmo", organizadas pola Asociación de Escritores en Lingua Galega e a Asociación Sociopedagóxica Galega. Neste encontro, profesores e escritores reflexionarán sobre a necesidade de actualizar a didáctica da Literatura no ensino e buscar novas estratexias de sedución para achegar os máis novos ás letras galegas. A inscrición nestas xornadas, que terán lugar na Biblioteca de Galicia, é de balde, pero é preciso reservar praza en www.aelg.org antes do 16 de novembro.

As xornadas comezarán o venres ás 10.30 horas coa conferencia inaugural a cargo do profesor e escritor Xosé Miranda "Que vén sendo iso de ensinar literatura? Instrucións de uso para docentes nos biosbardos". O debate continuará coa mesa "A Literatura galega nas aulas do século XXI: estratexias de sedución", na que se sentarán Antón Riveiro Coello, Xavier Seoane e Pilar Ponte Patiño. Neste primeiro día, a Asociación de Escritores en Lingua Galega presentará o Espazo Didáctico Virtual dirixido aos profesionais do ensino.

"A Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia: tópicos, prexuízos e puntos de fuga" é o título do debate co que arrincará o segundo día, e que continuará con "Os irmáns pequenos no universo da aula: a poesía, o teatro e a tradición oral" e con "A escola e outras literaturas: álbum ilustrado, novela gráfica e banda deseñada". Nesta segunda xornada pasarán pola Biblioteca de Galicia Marilar Aleixandre, Ramón Nicolás, Xabier P. Docampo, Antonio García Tejero, Teresa González Costa, Antonio Reigosa, Gracia Santorum, Ánxeles Abelleira ou Jacobo Fernández Serrano.

Ao longo destes dous días, estas xornadas tentarán reflexionar sobre a necesidade de valorar a Literatura galega a través da súa historia, e de empregala como ferramenta clave para a adquisición da competencia lingüística adaptada a cada nivel educativo. Ademais, analizarán novos métodos para estimular as aptitudes creativas do alumnado na escrita e estratexias innovadoras para achegar os mozos á Literatura.

Fonte: [Culturaeturismo](#)